


XII – ONDE FALA UNHA ESTRELAMAR DE NOME GRADICELA

Eu andaba por aquí abaixo tan tranquila, como sempre, sen me meter con ninguén. Escenificaba o meu rol de predadora vagando area adiante á caza de bivalvos, pois non coñeces canto me sabe a carne donda das zamburiñas e as vieiras!; aínda que uns mexillóns grandiños para me dar a gran cuchipanda tamén me prestan, ou é que a ti non? E entón vai e, sen agardalo, cáeme enriba aquel monstro que case me manca. Ben sei que teño cinco brazos, como a maioría das especies da miña clase taxonómica, e que se perdo algún deles moi logo volve medrarme outro novo.



Pero coidado, non é tampouco tan doado como asemella, ou pareceríache moi agradábel que che arrincasen as unllas ou o pelo dun tirón, por un dicir, aínda que despois che crecesen de novo? Xa me dirás, xa que logo, se fose un brazo ou unha outra extremidade ou apéndice. Se me chega a fender en dous anacos despois xa non sabería quen son, se o un ou o outro; e mesmo se me podería desenvolver un grave trastorno de personalidade. Teño que dicir ademais sobre o tema, e non falo por non estar calada, que os humanos, de sapiens, nada; sodes uns burros de moito coidado, e ben porcos por certo. Téndesme o fondo ateigado de merda: inzado de latas, rodas, electrodomésticos... que sei eu.

No que se refire a esa morea de ferros, debería ser sincera e engadir que despois non é que me viñese mal precisamente; non podes imaxinar a cantidade de bicherío que veu vivir ao seu carón! E eu tan contenta. Atrás dos uns van os outros, e despois dos outros vou eu. Sempre aparece algo que levar á lanterna de Aristóteles, que xa ves que nome lle foron poñer á miña boca. O problema é que cada día chégame dende a superficie algo novo que non fai senón desorientarme, e así perdo as referencias decontino no meu deambular polo fondo e de cada vez cústame máis traballo atopar as leiras de moluscos. Por se fose pequena a esterqueira, ao desfacerense, os compoñentes químicos de toda esa porcallada métense nos receptores olfactivos e non hai quen cheire nada, e así xa me dirás, a ver quen dá cazado o sustento, que unha non vive do aire. Parte da miña comida, berberechos e ameixas, morre

medio asfixiada, atoadada no lodo. Contan as estrelas máis vellas que elas, nos seus tempos, andaban ás ostras, bivalvo abundante e saboroso; pero sonche bechas moi finas que non resisten a lama e xa hai anos que non queda nin a proba. Deste xeito fanse inútiles os consellos que me daba de cativa miña nai: vai xantar aos lugares onde haxa pastos de plancto de calidade, a mellor comida está alí. No que se refire ás vieiras, tratarei de resumilo en parágrafo curto: uns veñen de noite, cando a borraqueira é máis mesta. Pasan arriba e abaixo, un lance tras outro. Despois, cando chegan os outros, os que seica teñen licenza, non queda nin unha. Eu son escrupulosa, agardo a que acaden os doce centímetros e respecto as vedas. Demo de furtivos, que o inferno os leve! E aínda din con toda a cara que a culpa é nosa!